

conect@

CARTAS DOS LECTORES

VIVENDAS DOS NOSOS ESCRITORES

Luisa Blanco,
Profesora de Lingua Española e Literatura na Uvigo

Estou de acordo en que se conserven as vivendas dos nosos escritores, pero sen carácter restrictivo. É certo que Carballo Calero (1910-1990) foi o primeiro catedrático de galego, o tribunal que lle outorgou a praza estaba presidido polo doutor Filgueira Valverde (1906-1996), a casa de quen, de momento non se conserva como tal e a quen áinda non se lle adicou o 'Día das Letras Galegas' (peso a que hai máis de dez anos do pasamento). Parecida sorte correu a casa de Alvaro Cunqueiro (1911-1981), que, ata o que eu sei, ofrecérase en moi boas 'condicións' á Xunta de Galicia e, desgraciadamente, pasou a mans privadas. ¿Son tamén estes dous últimos escritores "figuras incómodas" como Carballo Calero? ¿Son os tres víctimas de "un severo axuste de contas coa Historia?" según os términos empregados polo redactor da noticia Iago Martínez que transcribo entrecorbillados. Os tres escritores son casi coetáneos e importantísimos para a Literatura e Cultura Galegas.